

# EKOenerxía - rede e ecoetiqueta

Criteria of the international EKOenergy ecolabel

Translation provided by the PerMondo Initiative for free translation of web pages and documents for NGOs. Project led by Mondo Agit. We thank our voluntary translators: Alba Vidal Fernández y Iria Feijoo Vázquez.  
Text approved by EKOenergy's Board on 23 February 2013

With text corrections, approved on 19 June 2013

The criteria for hydropower (chapter 8.3.c) have been updated on 14 April 2020

**NOTE WITH REGARD TO OUR INTERNATIONALISATION:** These criteria were originally meant for Europe. Lots of the wording still refers to Europe. However, on 7 August 2015 EKOenergy's Board agreed that the criteria can also be applied outside Europe. With regard to tracking, a paragraph was added to chapter 10 of this text. The rest of the wording will be updated during the next criteria review, in 2020-2021.

In case of discrepancy with other language versions, the English text prevails. If you have suggestions for a better translation, contact [info@ekoenergy.org](mailto:info@ekoenergy.org).

---

## CONTENT

1. INTRODUCCIÓN .....	3
2. EKOENERXÍA: RED E ECOETIQUETA .....	3
3. ESTRUTURA DA REDE EKOENERXÍA .....	4
3.1. A rede.....	4
3.2. A Xunta de EKOenerxía .....	4
3.3. Estrutura de apoio .....	4
3.4. Secretaría .....	5
3.5. Mecanismo de reclamacións e panel de arbitraje .....	5
4. LINGUA.....	6
5. A ETIQUETA EKOENERXÍA COMO FERRAMENTA PRINCIPAL .....	6
6. INFORMACIÓN PARA OS CONSUMIDORES .....	7
6.1 Información sobre os produtos EKOenerxía .....	7
6.2. Outras informacións .....	8
6.3. financiamento do traballo de EKOenerxía .....	8
7. ELEKTRIZITATE MOTA AUKERAGARRIAK.....	9
8. SUSTENTABILIDADE .....	9
8.1 EKOenerxía e sustentabilidade.....	9
8.2 Requisito xeral: respectar tódolos requisitos legais .....	10
8.3 Requisitos específicos .....	10
8.4. Como saber se a electricidade dun certo dispositivo de produción conta?.....	17
9. CLIMA .....	19
9.1. Fondo do clima .....	19
9.2. EKOnexía full power.....	19
10. ORIXE, SEGUIMENTO E DOBRE CONTA .....	20
10.1. Mecanismo de seguimento.....	20
10.2. Importación e exportación .....	21
10.3. Cancelación nun país distinto ao país de consumo .....	21
10.4. Interpretación e comunicación .....	21
11. AUDITORÍA E CONTROL.....	22
11.1. Quen pode auditar e como?.....	22
11.2. Quen ten que ser auditado para que? .....	22
11.3. Seguimento .....	23
11.4. Auditorías anuais para dispositivos de produción utilizando bioenerxía.....	23
12. COMO VENDER EKOENERXÍA?.....	24
13. CONTRIBUCIÓN.....	24
14. NOME E LOGOTIPO .....	25
15. REVISIÓN DOS CRITERIOS .....	26

## 1. INTRODUCCIÓN

O presente documento ofrece unha descrición xeral da rede EKOenerxía e da etiqueta EKOenerxía. Tratará os obxectivos e a estrutura de xestión da rede, así como os criterios de establecemento da etiqueta EKOenerxía.

EKOenerxía é o resultado dunha consulta intensiva a ONG europeas, provedores de electricidade, produtores de electricidade, consumidores, asociacións de consumidores e autoridades. Esta consulta levouse a cabo de acordo co Código ISEAL de Boas Prácticas para establecer Normas Sociais e Medioambientais ([www.isealalliance.org](http://www.isealalliance.org)). EKOenerxía tamén se inspirou no enfoque da etiqueta americana Green-e ([www.green-e.org](http://www.green-e.org)).

Véxase tamén [www.ekoenergy.org](http://www.ekoenergy.org).

## 2. EKOENERXÍA: RED E ECOETIQUETA

EKOenerxía é unha rede de ONG medioambientais europeas comprometidas con:

- Estimular o desenvolvemento do sector da enerxía eléctrica renovable e promover solucións para loitar contra o cambio climático;
- Contribuír á protección da biodiversidade, dos diferentes hábitats e dos servizos dos ecosistemas;
- Informar os consumidores de electricidade sobre o produto que están a mercar e sobre as reclamacións que poden efectuar relacionadas coa compra;
- Mobilizar a enerxía positiva de milleiros de persoas, grupos e empresas que comparten a nosa ambición e darlles a oportunidade de implicarse;
- Fomentar o diálogo e cooperar co sector da electricidade, as ONG medioambientais e outras partes interesadas (p. ex. as asociacións de consumidores e as autoridades).

A ferramenta máis visible para alcanzar estes obxectivos é a etiqueta EKOenerxía, a primeira e única etiqueta paneuropea en materia de electricidade.

O obxectivo desta etiqueta é axudar os provedores de electricidade a vender un produto eléctrico que se recoñece e se acepta facilmente. Ademais, a etiqueta pretende axudar os consumidores a orientarse no complexo mercado eléctrico europeo. Os consumidores de EKOenerxía recibirán información certa sobre a orixe da electricidade e sobre as reclamacións que poderán facer con respecto á súa compra. Por outra banda, a etiqueta EKOenerxía cumpre cos requisitos de sustentabilidade establecidos pola rede EKOenerxía.

EKOenerxía é a única etiqueta de electricidade que xorde como resultado dun proceso de consulta paneuropeo que, ademais de estar presente na totalidade do mercado europeo, conta co recoñecemento dos grupos implicados en tódolos países europeos.

### **3. ESTRUCTURA DA REDE EKOENERXÍA**

#### **3.1. A rede**

A rede EKOenerxía é unha coalición de ONG medioambientais, cuxa estrutura se desenvolverá co tempo e estará adaptada ás necesidades e capacidades dos seus membros.

Durante a súa posta en marcha, a relación entre os parceiros de EKOenerxía estará regulada polo Acordo provisorio entre os parceiros da rede EKOenerxía (*Interim agreement between the partners of the EKOenergy network*). Este acordo outorga dereito a voto a tódolos membros na Xunta de EKOenerxía. As decisións tómanse por maioría de 3/4 (isto é, polo menos tres veces máis votos positivos ca negativos).

Os membros acordaron revisar a estrutura da rede EKOenerxía así que a EKOenerxía se venda en seis países (cun mínimo de 100 GWh por país). O máis probable é que se evolucione cara a institución dunha organización EKOenerxía (unha entidade xurídica), dirixida por unha Xunta escollida polos seus membros.

#### **3.2. A Xunta de EKOenerxía**

Dentro da estrutura administrativa, a Xunta de EKOenerxía é máxima autoridade de goberno. A Xunta é a encargada de: aprobar a estratexia da organización; tomar as decisións relativas aos criterios, á aceptabilidade das instalacións de produción (nos casos descritos neste documento) e ao uso do Fondo para o Medio Ambiente de EKOenerxía e o Fondo do Clima de EKOenerxía; e designar o xefe da Secretaría de EKOenerxía.

Consoante o actual Acordo provisorio entre os parceiros da rede EKOenerxía, a cada membro correspóndelle un voto na Xunta de EKOenerxía. No futuro, poderase acordar unha organización distinta.

#### **3.3. Estructura de apoio**

##### Grupo Asesor

A Xunta de EKOenerxía designa os membros do Grupo Asesor, que ten un tamaño aproximadamente tres veces maior que a propia Xunta. Esta designación ten unha validade de dous anos e pode ser renovada.

No Grupo Asesor existen prazas reservadas para as seguintes partes interesadas:

- As ONG medioambientais: tanto plataformas a nivel europeo como organizacións a nivel nacional ou rexional.
- A industria do sector eléctrico (produtores, comercializadores e provedores)
- Os consumidores de EKOenerxía, as organizacións sectoriais e as asociacións de consumidores

Outros posibles membros serían por exemplo as autoridades implicadas no establecemento do sistema de garantías de orixe.

O Grupo Asesor pode achegar a súa opinión sobre calquera asunto relacionado con EKOenerxía e estará activamente informado sobre a axenda da Xunta. A Xunta debe responder nun prazo de dous meses ás preguntas e comentarios dos membros do Grupo Asesor.

O Grupo Asesor escolle os membros do Panel de Arbitraje EKOenerxía mediante unha maioría de tres cuartos.

### Grupos de traballo

Tanto a Xunta como a Secretaría de EKOenerxía poden decidir formar grupos de traballo. Tódolos parceiros se poden postular para seren membros destes grupos de traballo e/ou suxerir expertos. Tras consultar o grupo asesor, a Xunta ou a Secretaría nomean os membros dos grupos de traballo.

Sempre que for posible, EKOenerxía servirse de (ou colaborará con) foros e redes xa existentes, en vez de formar novas estruturas.

## **3.4. Secretaría**

A administración diaria de EKOenerxía está en mans dunha secretaria. As tarefas da Secretaría de EKOenerxía inclúen o seguinte:

- Asegurar a xestión e o bo funcionamento de EKOenerxía
- Representar a EKOenerxía nas súas relacións exteriores e establecer contactos
- Proporcionar servizos ás partes e grupos implicados
- Ocuparse de tódalas tarefas relacionada coa contabilidade financeira de EKOenerxía
- Organizar, preparar e efectuar o seguimento de tódalas reunións da estrutura de EKOenerxía
- Preparar documentos para axudar á toma de decisións sobre orzamentos e plans de acción
- Elaborar informes internos e externos
- Dar apoio á publicación e difusión de información
- Levar a xestión financeira da asociación

## **3.5. Mecanismo de reclamacións e panel de arbitraje**

Calquera persoa pode presentar unha reclamación sobre calquera decisión (ou ausencia de decisión) da Xunta de EKOenerxía, ou sobre como se aplican as normas de EKOenerxía. As reclamacións débense dirixir á Xunta de EKOenerxía e tamén se comunicarán ao Grupo Asesor.

A Xunta de EKOenerxía deberá dar unha resposta nun prazo de 3 meses ás reclamacións presentadas por:

- Membros da rede EKOenerxía

- Empresas que comercializan EKOenerxía
- Produtores de electricidade (ou os seus representantes) no caso de decisións acerca da elixibilidade dos seus medios de produción.

-  
Se as partes que presenten unha reclamación non están de acordo coa resposta proporcionada pola Xunta, e se forman parte dalgún dos tres grupos anteriormente mencionados, poderán levar o caso ante o Panel de Arbitraje de EKOenerxía.

O Panel de Arbitraje de EKOenerxía componse dun mínimo de tres expertos propostos polo Grupo Asesor e designados pola Xunta de EKOenerxía. Estes nomeamentos teñen unha validez de cinco anos.

No Panel de Arbitraje hai unha praza reservada para un experto en cuestións medioambientais e outra para un experto en enerxía eléctrica renovable. As partes interesadas pertinentes terán a oportunidade de propor candidatos para estas prazas. Polo menos un dos membros do panel de reclamacións ha de ser un xurista (Máster en Dereito).

O procedemento de arbitraje de EKOenerxía estará baseado nas normas de arbitraje existentes, tales como as normas do Tribunal Europeo de Arbitraje. O Panel de Arbitraje deberá chegar a unha decisión nun prazo de 6 meses desde o momento en que un caso se presente. A presentación dunha reclamación non implica a suspensión da validez da decisión en disputa.

O Panel de Arbitraje tamén resolverá as disputas relativas ao Acordo de licenza de EKOenerxía se (e na medida en que) EKOenerxía e o titular da licenza así o acordaran no propio Acordo de licenza.

O Panel de Arbitraje de EKOenerxía entrará en funcionamento non máis tarde de dous anos despois das primeiras vendas de EKOenerxía.

## **4. LINGUA**

A lingua de traballo da rede de EKOenerxía é o inglés, porén a Secretaría procurará facer todo o posible para dar apoio ao maior número posible de interesados na súa propia lingua mediante, por exemplo, a formación dunha rede de tradutores voluntarios.

En caso de discrepancias entre as versións en diferentes linguas, prevalecerá a versión en inglés.

## **5. A ETIQUETA EKOENERXÍA COMO FERRAMENTA PRINCIPAL**

A rede EKOenerxía pretende fomentar o uso da enerxía eléctrica renovable (como se especifica no apartado 7). En particular, as accións da rede EKOenerxía centraranse na electricidade que

leve a etiqueta EKOenerxía.

A etiqueta EKOenerxía é a ferramenta principal que usará a rede para crear un valor engadido, isto é, para asegurar que o mercado eléctrico apoie e reforce opcións de políticas climáticas e medioambientais. Deste xeito, a etiqueta EKOenerxía garante:

- Que unha parte do prezo da electricidade verde/ecolóxica se destine a accións medioambientais e medidas que non serían posibles sen esa compra.
- Que unha parte da prima por enerxía verde se invista na promoción da enerxía eléctrica renovable e no intercambio de coñecementos e experiencia.
- Que se establezan criterios adicionais no relativo a que tipo de enerxía eléctrica se pode comercializar como EKOenerxía e como se debe vender esta electricidade. En xeral, os criterios de EKOenerxía baséanse nas mellores prácticas de aplicación da lexislación europea no ámbito medioambiental, enerxético e de protección dos consumidores. A EKOenerxía é un “pau” e unha “cenoria” para animar a tódolos provedores a levar a cabo unha aplicación apropiada das normas europeas, tanto nos países membros da Unión Europea como noutros países.
- Que os consumidores de EKOenerxía reciban información máis detallada e fiable sobre a enerxía eléctrica que compran. Isto permitiralles escoller a electricidade que mellor se adapte ás súas necesidades e preferencias.

Por todas estas razóns, a electricidade só se poderá vender como EKOenerxía se o produto cumpre os criterios establecidos pola rede EKOenerxía. Isto relaciónase cos seguintes aspectos:

- Información para os consumidores (apartado 6)
- Renovabilidade, sustentabilidade e clima (apartados 7, 8 e 9)
- Seguimento e prevención da dobre conta (apartado 10)
- Auditoría e control (apartado 11)

## **6. INFORMACIÓN PARA OS CONSUMIDORES**

### **6.1 Información sobre os produtos EKOenerxía**

Os provedores deben informar os consumidores e potenciais consumidores da orixe dos produtos de EKOenerxía que subministran. Esta información debe conter como mínimo o seguinte:

- Información sobre o país de orixe
- Información sobre o modo de produción. Esta información ten que se basear na lista de fontes de enerxía renovables proporcionada no apartado 7 deste documento. No caso da enerxía eólica, recoméndase distinguir entre enerxía eólica mariña, terrestre e preto da costa (offshore, onshore e nearshore). Se se ofrece información máis específica, as categorías xerais pódense omitir. No caso de o produto consistir nunha combinación de varios tipos de electricidade renovable, deberase indicar a porcentaxe de cada un dos tipos.

A Secretaría de EKOenerxía elaborará un código de conduta onde se especificará como e cando se debe proporcionar a devandita información. Procurarase que sexa coherente cos criterios de

boas prácticas establecidos por outros programas certificadores, como o Green-e Energy, e fundamentarase en consultas intensivas cos provedores europeos e outras partes implicadas.

Este código de conduta deberá figurar como anexo no contrato entre o provedor de enerxía eléctrica e EKOenerxía (o Contrato de Licenza).

O Código de Conduta terá que ter como mínimo os seguintes elementos e consideracións:

- Os consumidores terán que poder basear a súa escolla na información sobre o país de orixe e o modo de produción
- Esta información deberá constar en cada contrato de subministración de servizo individual
- Os cambios na composición dos produtos eléctricos subministrados ou a perda do status de EKOenerxía deberán comunicarse a cada un dos consumidores afectados de maneira individual, así como á Secretaría de EKOenerxía
- Os provedores deberán absterse de facer as súas propias afirmacións sobre atributos vinculados á compra de EKOenerxía (por exemplo, os relacionados coas emisións de dióxido de carbono e a adicionalidade). No seu lugar, deberán reproducir as palabras suxeridas pola rede EKOenerxía ou introducir unha ligazón ás páxinas relevantes do portal de EKOenerxía. Os textos de EKOenerxía sobre as emisións de dióxido de carbono serán coherentes coas mellores prácticas internacionais.

## **6.2. Outras informacións**

A rede EKOenerxía apoiará activamente unha política de transparencia con respecto á electricidade fornecida segundo a Directiva sobre o mercado da electricidade (Directiva 2003/54/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 26 de xuño de 2003, que establece regras comúns para o mercado interno da electricidade) e fomentará o uso dos datos sobre a mestura residual<sup>1</sup> de acordo coas recomendacións da RE-DIS/EPED<sup>2</sup> (véxase o apartado 10 para máis información).

## **6.3. financiamento do traballo de EKOenerxía**

Por cada megawatt-hora (MWh) vendido como EKOenerxía, o provedor pagará un mínimo de 0,08 euros (8 céntimos de euro) á rede EKOenerxía para financiar as actividades da rede e dar apoio ao seu labor de incremento da demanda de enerxía eléctrica renovable.

Esta taxa só se aplicará aos primeiros 250 GWh de electricidade vendida a un mesmo consumidor final, toda a electricidade vendida que exceda eses primeiros 250 GWh estará exenta.

---

1 A mestura residual é a mestura de electricidade subministrada aos consumidores que no seu contrato non teñen ningunha especificación para obter unha forma particular de enerxía eléctrica. Na práctica trátase normalmente da de toda a electricidade da rede eléctrica salvo os contratos de enerxía verde.

2 EPED é unha plataforma para entidades designadas polos gobernos co obxectivo de calcular e publicar os datos da mestura residual con fins divulgativos (véxase [www.eped.org](http://www.eped.org)). No seu labor, EPED conta coa axuda de RE-DISS ([www.reliable-disclosure.org](http://www.reliable-disclosure.org)), un proxecto dedicado a mellorar de forma significativa a fiabilidade e a precisión da información proporcionada aos consumidores de electricidade de Europa acerca da orixe da enerxía que consumen.



## 7. ELEKTRIZITATE MOTA AUKERAGARRIAK

EKOenerxía é unha etiqueta destinada á enerxía eléctrica renovable. A enerxía eléctrica renovable é a electricidade que provén de fontes naturais que non se esgotan polo uso ou de recursos naturais que se explotan de tal maneira que se poden rexenerar con relativa facilidade mediante procesos naturais.

Na actualidade EKOenerxía acepta electricidade renovable proveniente das seguintes fontes:

- a) Enerxía eólica
- b) Enerxía solar
- c) Enerxía hidroeléctrica<sup>3</sup>
- d) Enerxía mariña (enerxía maremotriz, undimotriz, enerxía das correntes mariñas, etc.)
- e) Enerxía xeotérmica
- f) Bioenerxía (sólida, líquida e biogás)
- g) Enerxía obtida a partir de gas de vertedoiro
- h) Enerxía procedente de gas de plantas de tratamento de augas residuais

Por outra banda, exclúense as seguintes fontes de enerxía:

- a) Carbón e petróleo de xisto
- b) Petróleo, incluído o petróleo non convencional como o petróleo de xisto e petróleo de áreas bituminosas
- c) Gas natural, incluído o gas de xisto
- d) Turba
- e) Enerxía nuclear
- f) Incineración de residuos que non sexan biomasa

A lista de fontes de enerxía non aceptables non é exhaustiva.

## 8. SUSTENTABILIDADE

### 8.1 EKOenerxía e sustentabilidade

Co obxectivo de garantir un crecemento estable do sector europeo da enerxía eléctrica renovable é importante que os diferentes grupos promotores da electricidade renovable se comprendan e fortalezan entre si, aínda que teñan distintas preocupacións e puntos de partida: os produtores, os provedores, os comercializadores, os especialistas en políticas climáticas, os conservacionistas, as organizacións de consumidores etc.

A etiqueta EKOenerxía e a rede de EKOenerxía pretenden ter un papel activo para unir aos diferentes grupos interesados mediante:

---

<sup>3</sup> Exclúese a enerxía eléctrica xerada a partir de auga bombeada (como no almacenamento enerxético en rede).

- A adopción dun enfoque práctico que se centre na implicación dos interesados.
- A creación dun fondo medioambiental, que usará os cartos para tomar medidas concretas de protección da biodiversidade acordadas polas partes implicadas relevantes.
- A exclusión dos tipos de métodos de produción de electricidade renovable máis polémicos do conxunto dos permitidos por EKOenerxía.

A rede EKOenerxía xunto coas outras partes interesadas avaliarán os resultados de forma regular e, se for necesario, suxerirán mudanzas nos criterios aplicados de conformidade co explicado no apartado 15 deste documento.

## 8.2 Requisito xeral: respectar tódolos requisitos legais

Para poder vender EKOenerxía, os dispositivos de produción da electricidade teñen que cumprir:

- Tódolos requisitos legais en vigor no lugar de produción
- Tódalas condicións requiridas polas súas licenzas

Nos parágrafos a seguir expóñense outros requisitos adicionais. Para cada tipo de fonte enerxética, os requisitos enuméranse por separado.

## 8.3 Requisitos específicos

### A. Enerxía eólica

Só se aceptarán as instalacións situadas nas seguintes zonas se son aprobadas pola Xunta de EKOenerxía, após consulta coas partes implicadas relevantes:

- a) Reservas naturais establecidas polas autoridades
- b) Espazos da rede Natura 2000 (<http://natura2000.eea.europa.eu/>)
- c) Áreas importantes para as aves (IBA, en inglés) (consúltense os mapas en <http://www.birdlife.org/datazone/site/search>)
- d) Lugares Patrimonio Mundial da Humanidade da UNESCO (véxase <http://whc.unesco.org/en/254/>)

As zonas mencionadas só se terán en conta na medida en que aparezan no mapa dispoñible en [www.ekoenergy.org](http://www.ekoenergy.org)

As decisións que se tomen deben ser razoadas, respectar a lexislación en vigor no lugar de produción e ter en consideración os obxectivos conservacionistas nesas zonas. As decisións serán públicas.

A Xunta de EKOenerxía pode delegar os seus dereitos de aprobación noutras entidades, en particular ONG ecoloxistas nacionais ou rexionais, durante un período de tempo e zona ben determinados. Estas entidades terán os mesmos deberes que a Xunta de EKOenerxía,

particularmente a obriga de consultar as demais partes implicadas.

## B. Enerxía solar

As instalacións de enerxía solar en terra que se sitúen nas seguintes zonas só serán aceptables se son aprobadas pola Xunta de EKOenerxía, após consulta coas partes implicadas relevantes:

- a) Reservas naturais establecidas polas autoridades
- b) Espazos da rede Natura 2000 (<http://natura2000.eea.europa.eu/>)
- c) Áreas importantes para as aves (IBA, en inglés) (consúltense os mapas en <http://www.birdlife.org/datazone/site/search>)
- d) Lugares Patrimonio Mundial da Humanidade da UNESCO (véxase <http://whc.unesco.org/en/254/>)

Os lugares arriba indicados só se terán en conta na medida en que aparezan no mapa dispoñible en [www.ekoenergy.org](http://www.ekoenergy.org).

A aprobación poderá depender da existencia e aplicación dun plan de xestión que contemple elementos como os seguintes:

- Instalación de valados ou cerrados (para evitar a fragmentación dos hábitats e permitir o paso de animais).
- Xestión libre de pesticidas.
- Medidas para evitar a impermeabilización do solo (por exemplo, co uso de parafusos de fixación no solo en vez de cemento).
- Xestión do hábitat no espazo entre os paneis solares e as zonas sen construír do lugar.
- Xestión adecuada da auga.

## C. Enerxía hidroeléctrica

### **C.1 Environmental requirements for hydroelectric installations**

#### ***General and specific requirements***

The general requirement is that the operation of the installation complies with all legal requirements, as well as with the requirements of concessions and permits (See also chapter 8.2)

In addition, EKOenergy sets specific environmental requirements with regard to fish migration, water flow and river habitats. Each criterion includes basic performance level and advanced performance level. For the hydropower installation to qualify for EKOenergy, the basic level must be reached within each three criteria. In addition, an advanced performance level must be reached within one of the three criteria.

Special situations and exceptions:

- These additional requirements don't apply with regard to installations located in completely artificial water bodies such as water supply tunnels or irrigation canals.
- Hydropower installations with a capacity of less than 1 MW may be dismissed if the

- electricity production is minor compared to the adverse environmental impact.
- If the advanced level is reached in two criteria, it is possible to apply for liberation from the third criteria for a justifiable reason. EKOenergy’s Secretariat decides on the exemption based on a careful and written consideration of all elements.

**Additional requirement 1. Fish migration**

**Goal:** Fish species, typical for the water basin, can pass the hydropower installation upstream and downstream on their own as needed.

EKOenergy doesn’t support the construction of new barriers to fish migration and free flow. Therefore, we only accept power generation from dams and barriers that are constructed before 1 January 2013. EKOenergy can also accept power plants constructed more recently if there are no new negative impacts on the water body, e.g. replacements of old dams or installations that do not dam the entire flow or the river.

	Requirement	Ways to prove
Basic	A functional (natural or technical) fish passage structure or an alternative pathway, suitable for the target species, exists. The functioning of these passages and pathways has been monitored (or: in the case of new fish passages or pathways: the functioning will be monitored.)	The plant and fish passages or alternative pathways shown on a map or photograph, report on the operation of the passage or pathway, etc
Advanced	In addition, the monitoring is regular and done according to the monitoring results, additional measures have been taken to improve the function of the fish passage (or alternative pathway). Measures have improved the conditions for upstream migration in the fish pass. Also, downstream migration has been considered and measures have been taken to direct fish past the power plant.	Report on regular monitoring. Report on measures taken and their impact, etc.

Criterion 1 is also applied in the case where there are other barriers to fish migration upstream and/or downstream from the power plant.

Criterion 1 is not applied if the dam or barrier is located on a place where no fish could pass for natural and geographical reasons (e.g. a high waterfall) and power plant does not diminish possibilities for fish migration on other river stretches.

**Additional requirement 2. Water flow**

**Goal:** The river is never dry. The operation of the plant guarantees an adequate and uninterrupted water flow through the bypass channel or through turbines.

	Requirement	Ways to prove
Basic	Minimum water discharge at discharge points is defined by using average low flow as a reference. Hydro-peaking with zero flow to the bypass reach (if present) or to the lower channel i.e. tail race (if bypass is not present) does not occur in normal operation of the plant.	Points of flow measurements on a map, flow curves (m <sup>3</sup> /s), average low flow of the river (m <sup>3</sup> /s), minimum discharge through plant (m <sup>3</sup> /s), minimum discharge through fish pass and/or bypass (m <sup>3</sup> /s), reports
Advanced	In addition, the ecological flow for the river has been defined for each season, including minimum flow, maximum flow, timing of flood events, speed of ramping up and down the peaking. It is applied in the operation of the power plant and the fish pass, and/or in the planning of relevant mitigation measures.	Report on ecological flow, report on how this is applied in the operation of the hydropower plant.

In cases of hydropower plants with reservoirs high up in mountains/fells and a tunnel system for intake and outflow of water to power plants, criterion 2 is applied at discharge points downstream of the power plant.

### ***Additional requirement 3. River habitats***

**Goal:** Stream-inhabiting species have a place to live and breed. Habitats for species that inhabit and reproduce in the river ecosystems is available in the section of water body where the hydropower plant is located.

	Requirement	Ways to prove
Basic	All-year-round watered habitat, suitable for river organisms, is maintained or restored in the river reach or in a tributary reach, in a bypass (natural fishway or old natural reach) or in a compensatory reach built for this purpose. The habitat is accessible for the river organisms in relation to the plant site.	Report on quality and quantity of the habitats.  General description, water levels and locations on a map. Area of habitats (total area in m <sup>2</sup> or 100 m river stretch).
Advanced	In addition, the function of habitats as a living and breeding environment for river organisms is monitored. The feedback from monitoring is applied	Breeding result of specified river organisms (e.g. smolt production per hectare), report

	to increase the quality and/or quantity of the habitats. The measures improve e.g. flow conditions and bottom substrate.	on measures to restore or improve habitats.
--	--	---

In cases of plants with reservoirs high up in mountains/fells and a tunnel system for intake and outflow of water to power plants, criterion 3 is applied for downstream river reaches.

## **C.2 Application process and validity period**

A separate application should be submitted for each power plant. The application happens with a form provided by EKOenergy's Secretariat. All measures that are necessary to fulfil the requirements need to be completed before the approval.

EKOenergy's Secretariat checks if the submitted documents prove sufficiently that all the above listed requirements are fulfilled. If needed or relevant, the Secretariat contacts local stakeholders and/or organises a public consultation. The list of EKOenergy-approved hydropower plants is publicly available on [www.ekoenergy.org](http://www.ekoenergy.org).

The approval of hydropower plants is valid for 5 years. However, a power plant will be removed from the list at any time if it does not fulfil the above mentioned general and specific requirements. In case of force majeure that temporarily interrupts fulfilment of the criteria, an exception from removal can be applied. A force majeure is e.g. natural disaster or sudden legal conditions that clash with the environmental requirements of EKOenergy.

## **C.3 Payments for river protection projects**

For each sold MWh of EKOenergy-labelled hydropower, sellers pay minimum 0.10 € (ten eurocents) to river protection projects, via the so-called Environmental Fund. (This is in addition to the regular payment of the Licence Fee (see 6.3.) and the payment for climate projects)

These contributions are managed by the EKOenergy Secretariat, under the supervision of the EKOenergy Board. Costs related to the management of the contributions must not exceed 5% of the total contributions.

The contributions are used to implement river restoration projects or projects that help to avoid the environmental damage caused by hydropower. Projects are selected in an open, transparent and objective way. The geographical target of the call takes into account the country of origin of the electricity production and the country where the electricity has been sold. Important elements in the selection of the projects to be financed include ecological impact and cost-efficiency.

## **D. Enerxía mariña**

As instalacións de enerxía mariña (é dicir, quedan excluídas as instalacións en ríos de maré e estuarios) situadas nas seguintes zonas só se aceptarán se son aprobadas pola Xunta de EKOenerxía previa consulta coas partes implicadas relevantes:

- a) Reservas naturais establecidas polas autoridades

- b) Espazos da rede Natura 2000 (<http://natura2000.eea.europa.eu/>)
- c) Áreas importantes para as aves (IBA, en inglés) (consúltense os mapas en <http://www.birdlife.org/datazone/site/search>)
- d) Lugares Patrimonio Mundial da Humanidade da UNESCO (véxase <http://whc.unesco.org/en/254/>)

As zonas mencionadas só se considerarán na medida en que aparezan no mapa dispoñible en [www.ekoenerxía.org](http://www.ekoenerxía.org).

As decisións que se tomen deben ser razoadas, respectar a lexislación vixente no lugar de produción e ter en consideración os obxectivos de conservación desas zonas. As decisións serán públicas.

A Xunta de EKOenerxía poderá delegar os seus dereitos de aprobación noutras entidades, en concreto nas ONG medioambientais nacionais ou rexionais, por un período de tempo e zona determinados. Estas entidades terán os mesmos deberes que a Xunta de EKOenerxía, en particular á obriga de consultar as outras partes implicadas.

Nota: Para as instalacións en ríos de marea e estuarios aplicaranse exactamente as mesmas regras que para as (outras) formas de enerxía hidroeléctrica (ver 8.3.C)

#### E. Enerxía xeotérmica

As instalacións de enerxía xeotérmica situadas nas seguintes zonas só se aceptarán se son aprobadas pola Xunta de EKOenerxía previa consulta coas partes implicadas relevantes:

- e) Reservas naturais establecidas polas autoridades
- f) Espazos da rede Natura 2000 (<http://natura2000.eea.europa.eu/>)
- g) Áreas importantes para as aves (IBA, en inglés) (consúltense os mapas en <http://www.birdlife.org/datazone/site/search>)
- h) Lugares Patrimonio Mundial da Humanidade da UNESCO (véxase <http://whc.unesco.org/en/254/>)

As decisións que se tomen deben ser razoadas, respectar a lexislación vixente no lugar de produción e ter en consideración os obxectivos de conservación desas zonas. As decisións serán públicas.

A Xunta de EKOenerxía poderá delegar os seus dereitos de aprobación noutras entidades, en concreto nas ONG medioambientais nacionais ou rexionais, por un período de tempo e zona determinados. Estas entidades terán os mesmos deberes que a Xunta de EKOenerxía, en particular á obriga de consultar as outras partes implicadas.

#### F. Bioenerxía (sólido, líquido e gas)

A electricidade producida mediante dispositivos de produción impulsados con biomasa, biogás e biolíquidos clasifícase como EKOenerxía se:

1. A electricidade é electricidade da coxeración, como se define na Directiva 2004/8/EC do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de febreiro do 2004 sobre a promoción da coxeración baseada nunha demanda de calor útil no mercado de enerxía interno. Os volumes de enerxía producidos pola coxeración calcúlanse como se describe no Anexo II da mesma Directiva.

E

2. A eficiencia (media anual) do proceso de coxeración é dun mínimo dun 75%. A eficiencia é a suma da electricidade, da produción de enerxía mecánica e da saída de calor útil dividida entre a entrada de combustible empregada para a calor producida no proceso de coxeración, e a electricidade e produción de enerxía mecánica bruta. Tódalas palabras da fórmula se interpretan segundo a Directiva 2004/8/EC do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de febreiro de 2004 sobre a promoción da coxeración baseada nunha demanda de calor útil no mercado de enerxía interno<sup>4</sup>.

E

3. A bioenerxía provén das seguintes fontes:

- a) Biomasa de madeira colleitada no Espazo Económico Europeo (EEE) excluindo:
- Cachopas e raíces
  - Biomasa de madeira colleitada de espazos protexidos: reservas naturais designadas polas autoridades, espazos Natura 2000 e Patrimonios da Humanidade da UNESCO, excepto que foran colleitados segundo un plan de xestión da natureza aprobado por unha axencia de protección da natureza nacional ou rexional.
  - Madeiros cun diámetro a altura do peito (DAP) de máis de 20 cm. Con todo, tales madeiros poden utilizarse se non serven para ningún outro uso industrial por podremia da raíz (Heterobasidion) ou outros axentes patóxenos. A Xunta de EKOenerxía pode aceptar outras excepcións.
  - Produtos forestais procedentes de países onde as tallas en bosques dispoñibles para o abastecemento de madeira supera o 80% do incremento anual do bosque, a menos que poida probarse que veñen dunha rexión onde as tallas representan menos do 70% do incremento anual do bosque. A taxa de corte a tomar en consideración é a media dos valores dispoñibles para os últimos 5 anos.
- b) Gases procedentes da fermentación anaerobia de residuos orgánicos municipais procedentes do EEE.
- c) Gases procedentes da fermentación anaerobia de residuos procedentes do EEE.
- d) Residuos orgánicos dos procesos de produción a ter lugar no EEE. Por exemplo, residuos da industria alimentaria ou subprodutos da industria forestal e produtos residuais como serraduras, codia e labras de madeira así como licor negro e outras bebidas concentradas.

---

4 Isto quere dicir, por exemplo, que a calor útil é calor producida para satisfacer unha demanda economicamente xustificable de calor ou de frío. Non excede as necesidades de calor ou de refrixeración, que doutra forma serían satisfeitas en condicións de mercado mediante procesos de xeración de enerxía que non sexan a coxeración. Isto inclúe, por exemplo, a necesidade de calor en procesos industriais.



- e) Biomasa non forestal procedente de xestión da natureza, de acordo cun plan de xestión da natureza aprobado por un organismo nacional ou rexional de protección da natureza.

As mesmas categorías de biomasa procedentes de zonas europeas veciñas poden permitirse pola Xunta de EKOenerxía tras consultar ás partes interesadas. A decisión será pública. O uso de sistemas de certificación de biomasa e de bosques existentes pode axudar a que o proceso de aprobación se leve a cabo de forma máis eficiente.

Para este parágrafo, os territorios ultramarinos non se consideran parte do EEE, e Suíza iguala as condicións dos países do EEE. Se outros países fóra do EEE queren participar no mercado de electricidade europeo (ou queren promocionar electricidade interior procedente de bioenerxía como EKOenerxía), a electricidade da bioenerxía non será aceptada no programa ata que a xunta decida sobre a súa aceptabilidade, así como sobre as condicións.

#### *Regra especial no caso de co-combustión*

Se un dispositivo de produción utiliza ambas formas aptas de biomasa e outros combustibles, só pode producir electricidade cumprindo os requisitos de EKOenerxía se a biomasa apta constitúe polo menos o 50% da cantidade total de combustible anual do aparello de produción.

Se esta esixencia se cumpre, a cantidade de electricidade que cumpre os requisitos de EKOenerxía é a seguinte:

$$\text{Electricidade producida na coxeración} \times \frac{\text{biomasa apta usada durante o ano natural}}{\text{entrada total de combustible durante o ano natural}}$$

No caso de dispositivos de produción alimentados por unha mestura de biomasa apta e non apta, hai regras especiais en relación ás vendas. Ver 8.4.

#### *Auditoría de dispositivos de produción abastecidos de bioenerxía*

O cumprimento dos criterios será verificado polo menos una vez ó ano por

- As mesmas entidades comprobarán as instalacións de biomasa en nome das autoridades no marco da lexislación sobre a garantía de orixe, lexislación de comercio de emisión e/ou lexislación plan de apoio.
- Ou calquera auditor externo cualificado acreditado por unha organización membro (pleno) de Cooperación Europea para a Acreditación.

O informe de auditoría terase que enviar á Secretaría de EKOenerxía. Ver tamén parte 11.4 deste texto.

## **8.4. Como saber se a electricidade dun certo dispositivo de produción conta?**

Os provedores precisan de información sobre se unha produción especial (comprobada por unha

garantía de orixe) cumpre a elixibilidade e os criterios de sustentabilidade de EKOenerxía. Para este fin, van usar a información dispoñible sobre a garantía de orixe e/ou a páxina web de EKOenerxía.

### *Sobre a garantía de orixe*

En moitos países e en particular os que usan o sistema EECS (ver apartado 10), a garantía de orixe tamén pode incluír información adicional a través dunha etiqueta ICS (Sistema de garantía independente).

EKOenerxía pretende pactar un acordo coa Asociación de entidades emisoras, así como con cada unha das entidades emisoras de garantías de orixe, sobre o funcionamento de EKOenerxía como un plan de ICS. Como os criterios de EKOenerxía se formulan de tal forma que a proba de conformidade pode ser amosada polo produtor como un feito (por exemplo, unha decisión da Xunta de EKOenerxía), o procedemento para obter etiqueta ICS pode ser simple.

Mesmo se a garantía de orixe non ten unha etiqueta ICS de EKOenerxía, aínda contén información útil, como o nome e o lugar do dispositivo de produción. Esta información pode combinarse coa información dispoñible na web de EKOenerxía para determinar se a garantía de orixe conta para EKOenerxía.

### *Na páxina web de EKOenerxía*

A Secretaría de EKOenerxía, en colaboración coas partes interesadas, desenvolverá ferramentas en liña para facilitar o proceso de selección:

- Mapas coas áreas protexidas (como se reflexa en 8.3).
- Unha lista en liña actualizada regularmente con instalacións aprobadas (especialmente para os casos nos que outros criterios foran establecidos alén de criterios territoriais).
- Listas non exhaustivas de instalacións que aparecen elixibles (como turbinas eólicas fóra das áreas protexidas).
- Listas non exhaustivas de instalacións non elixibles.

### *Regra especial para dispositivos de produción alimentados de biomasa*

A posibilidade de ter unha etiqueta ICS de EKOenerxía é particularmente importante no caso de instalacións que utilizan fontes de bioenerxía tanto elixibles coma non elixibles (ver 8.3.F).

Mentres isto non sexa posible, os provedores só poden vender electricidade marcada como EKOenerxía de dispositivos de produción que utilizan bioenerxía se o contrato de licenza de EKOenerxía lles permite facelo. O contrato de licenza tamén especifica as instalacións nas que se pode orixinar esta electricidade.

### *Data*

A data relevante para determinar se a electricidade serve para EKOenerxía é a data de produción da electricidade (data de produción conforme o mencionado na garantía de orixe, ver tamén apartado 10).

## **9. CLIMA**

### **9.1. Fondo do clima**

Por cada MWh de EKOenerxía vendida, unha contribución mínima de 0,10 euros (10 céntimos) ten que facerse para o Fondo do Clima de EKOenerxía. O diñeiro do fondo será usado para estimular novos investimentos nas enerxías renovables e para aumentar a participación das enerxías renovables na produción mundial de electricidade.

Para ser o máis eficiente posible, EKOenerxía non vai crear iniciativas propias senón que fará uso dos medios, mecanismos e instrumentos existentes.

A Xunta de EKOenerxía decide sobre o uso do diñeiro do Fondo do Clima de EKOenerxía, tendo en conta as recomendacións dos interesados e en particular as recomendacións das empresas subministradoras de EKOenerxía, das ONG ambientais e do Grupo Asesor de EKOenerxía.

Medidas posibles (lista non exhaustiva):

- Investimentos en proxectos de electricidade renovable en países en vías de desenvolvemento. Se os proxectos apoiados levaran a permisos de carbono serán cancelados (proporcionalmente) a fin de evitar que se contén dúas veces.
- Investimentos en proxectos de electricidade renovable en países europeos cun potencial significativo para o desenvolvemento de enerxía renovable pero con falta de recursos.
- Proxectos de enerxía renovable a pequena escala cun elevado valor ambiental e social engadido.
- A anulación de licenzas europeas ETS, en canto haxa sinais de que hai escaseza no mercado.

Os provedores poden, en colaboración coas ONG nacionais e rexionais, pedir á Xunta de EKOenerxía retirar as contribucións ao Fondo do Clima segundo as súas vendas nun determinado país, e destinalas para proxectos de enerxía adicionais. Estes proxectos teñen que estar situados no país de venda e o solicitante debe demostrar que o proxecto ten un alto valor ambiental e social engadido. Tales proxectos poden incluír os investimentos en aforro de enerxía, sempre e cando os beneficios sexan cuantificables.

### **9.2. EKOnexía full power**

No contexto da electricidade verde, os expertos refírense a adicionalidade cando se fala de capacidade de produción renovable adicional ou redución de carbono adicional, comparado cunha base que ocorrería baixo as actuais condicións de mercado e do marco xurídico existente (incluíndo o apoio público).

Unha das respostas de EKOenerxía para aqueles dispostos a estimular a “adicionalidade”, é a EKOenerxía Poder total. A EKOenerxía Poder Total é EKOenerxía cunha maior contribución ao Fondo do Clima. A contribución por MWh ten que ser suficiente para fornecer o seu propio capital para un investimento en capacidade de produción renovable (preferentemente solar ou eólica) capaz de producir 1 MWh de electricidade renovable ao longo da súa vida útil. O valor exacto da contribución dependerá dos proxectos seleccionados e probablemente diminuírá co tempo.

## 10. ORIXE, SEGUIMENTO E DOBRE CONTA

### 10.1. Mecanismo de seguimento

EKOenerxía emprega os seguintes mecanismos de seguimento:

- O sistema de garantía de orixe como se establece na aplicación do artigo 15 da Directiva das enerxías renovables (Directiva 2009/28/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 23 de abril de 2009 sobre a promoción do uso da enerxía procedente de fontes renovables) .
- Outros sistemas de reserva e solicitude poden cualificar para EKOenerxía se:
  - o A entidade que executa o sistema de reserva e solicitude é o único a facelo nunha determinada área. Se a entidade non é designada polas autoridades, ten que ser aprobada pola Xunta de EKOenerxía.
  - o Se define o principio de cancelación como proba de oferta/consumo.
  - o Se evita contar dúas veces, por exemplo, tendo en conta as cancelación da mestura residual do país.
- Este é, por exemplo, o caso de países fóra da UE que adoptaron o sistema EECS (Sistema de Certificado Europeo de Enerxía)<sup>5</sup>, como Noruega, Islandia e Suíza.
- En principio, as garantías de orixe<sup>6</sup> serán canceladas no dominio<sup>7</sup> de consumo, e o uso das garantías de orixe debe ir en consonancia coa lexislación nacional sobre o seguimento e difusión de electricidade. Tódalas cancelacións deben comunicarse ao RE-DISS/EPED (para dominios ligados ao centro de AIB<sup>8</sup> isto cúmprese).

Nalgúns casos, EKOenerxía tamén acepta cancelacións no ámbito da produción, en nome do consumo noutro ámbito. Ver 10.3.

---

5 O sistema EECS foi desenvolvido pola AIB (Asociación de entidades emitentes, [www.aib-net.org](http://www.aib-net.org)) e está actualmente en uso en 16 países de Europa (2013).

6 No resto deste apartado, así como en tódolos capítulos anteriores e seguintes apartados do texto, o termo “garantías de orixe” debe entenderse como “garantías de orixe e certificados de seguimento de electricidade aceptados por EKOenerxía en liña con 10.1 do texto de criterios de EKOenerxía”.

7 Un dominio é a área onde a entidade de supervisión da emisión, transferencia e cancelación de garantías de orixe está activa. É case sempre un país.

8 O centro da AIB conecta os rexistros nacionais de garantía de orixe que están conectados a el, e permite que estes se comuniquen entre eles, a fin de transferir certificados. Está xestionado pola Asociación de entidades emisoras ([www.aib-net.org](http://www.aib-net.org)).

## 10.2. Importación e exportación

A importación e a exportación só son posibles cando se cumpren as seguintes condicións:

- As garantías de orixe exportadas elimínanse da mestura residual do dominio de exportación
- En ambos os ámbitos a mestura residual é calculada por un órgano oficialmente nomeado e de acordo coas recomendacións da RE-DISS/EPED.
- O dominio de importación e exportación ten unha difusión de electricidade obrigatoria de acordo coas recomendacións da RE-DISS/EPED.
- Ambos os ámbitos deben proporcionar estatísticas transparentes de importación/exportación para RE-DISS/EPED. Para dominios ligados ao centro da AIB, isto cúmprese.

## 10.3. Cancelación nun país distinto ao país de consumo

As garantías de orixe tamén poden ser canceladas no ámbito da produción en nome do consumo noutro lugar (cancelación ex dominio), pero só nos seguintes casos:

- Cancelación das garantías de orixe en ámbitos relacionados co centro da AIB (ver nota a pé 8), en nome do consumo en ámbitos non ligados ao centro da AIB (porque a exportación dos atributos de electricidade renovable tense en conta no cálculo da mestura residual por parte de RE-DISS/EPED).
- As cancelacións ex-dominio de garantías de orixe en países non ligados ao centro da AIB só son posibles tras aprobación da Xunta de EKOenerxía. Só é posible se se elimina a dobre conta, e se o dominio de cancelación lle ofrece a RE-DISS/EPED información sobre a cantidade e o tipo de garantías de orixe cancelados, especificados para cada país de consumo. A decisión da Xunta de EKOenerxía para permitir as cancelacións ex-dominio en países que non están ligados ao centro da AIB ten que ser analizada país a país, debe estar limitada no tempo e non converterse nunha razón pola que eses países non se adhiran a un sistema de intercambio paneuropeo.

## 10.4. Interpretación e comunicación

A Xunta de EKOenerxía decide sobre a interpretación destes criterios. Unha lista de dominios aceptados estará dispoñible en [www.ekoenergy.org](http://www.ekoenergy.org). O sitio tamén pode especificar as transferencias internacionais posibles (para EKOenerxía) e que dominios poden cancelar garantías de orixe, en nome do consumo de EKOenerxía noutros ámbitos.

### Addition agreed on 7 August 2015

*EKOenergy accepts the I-REC system as a valid tracking system for EKOenergy with the following specifications/limitations:*

- *We only allow sales of green electricity in the same country as where the electricity has been produced.*
- *The certificates have to be used/cancelled within 1 year after the production of the electricity.*

- *The recognition of the I-REC system as a tracking system for EKOenergy can be withdrawn anytime with a two-year notice.*
- *The same MWh cannot be used at the same time in the carbon offsetting market.*

## 11. AUDITORÍA E CONTROL

### 11.1. Quen pode auditar e como?

Feitos e números non verificados polas autoridades europeas, nacionais ou rexionais teñen que ser verificados por un auditor externo acreditado por unha organización membro (plena) de Cooperación Europea para a Acreditación.

A auditoría estará baseada nunha lista proporcionada pola Secretaría de EKOenerxía. Tódalas oportunidades para simplificar o proceso de verificación (en especial mediante a utilización de ferramentas, procedementos e controles existentes) serán aproveitadas.

### 11.2. Quen ten que ser auditado para que?

#### A. Provedores de electricidade

Un auditor externo pode auditar aos provedores de EKOenerxía e comprobar se:

- A cantidade e tipo de electricidade de EKOenerxía entregada (clasificada por fonte de produción e país de orixe) coincide coa cantidade e tipos de garantías de orixe cancelados polo provedor. Nótese que o provedor, así como o auditor van atopar toda a información necesaria para determinar se a garantía de orixe serve para EKOenerxía ou non, na mesma garantía de orixe e/ou na páxina web EKOenerxía.
- REDISS/EPED foi informada sobre a cancelación, de acordo co apartado 10 do texto. Isto só se aplica a cancelacións en ámbitos que non están ligados ao centro da AIB.
- A contribución para financiar o traballo de EKOenerxía (ver 7.3), coincide coa cantidade vendida de EKOenerxía.
- A contribución ao Fondo para o Medio Ambiente (ver 8.3.C) coincide coa cantidade de EKOenerxía hidroeléctrica vendida. O auditor tamén verifica demandas de pagos por riba do mínimo prescrito.
- A contribución para o Fondo do Clima (ver apartado 9) corresponde á cantidade de EKOenerxía eléctrica vendida. O auditor tamén verifica demandas de pagos por riba do mínimo prescrito. As vendas totais de EKOenerxía teñen que ser listadas por separado (apartado 9.2).

#### B. Provedores de garantías de orixe para compras por separado<sup>9</sup>

EKOenerxía é unha marca para enerxía eléctrica fornecida aos consumidores. Non é unha marca

---

<sup>9</sup> Compra por separado significa que o consumidor compra a electricidade física separada da garantía de orixe.

para garantías de orixe. Se o consumidor merca electricidade física por separado (electróns dun provedor, garantías de orixe doutro), a EKOenerxía toma forma no lugar de consumo.

Non obstante, por razóns prácticas, ten sentido organizar a auditoría no nivel dos provedores de garantías de orixes e non no lugar onde a electricidade física cumpre as garantías de orixe (ou sexa, no lugar de consumo). Os provedores de garantías de orixe teñen acceso directo a toda a información, eles saben como cumprir tódolos criterios e poden combinar datos para obter economías de escala. Ademais, os compoñentes que eles proporcionan (garantías de orixe) só teñen valor para os consumidores combinados con electricidade física.

Polo tanto, no caso de compras por separado, un auditor externo fará a auditoría do provedor de garantías de orixe e comprobará se:

- A cantidade e tipos (clasificada por fonte de produción e país de orixe) de garantías de orixe vendidas aos consumidores dispostos a consumir EKOenerxía coincide coa cantidade e tipos de garantías de orixe cancelados.
- REDISS/EPED foi informada sobre a cancelación, de acordo co apartado 10 do texto. Isto só se aplica a cancelacións en ámbitos que non están ligados ao centro da AIB.
- Isto só se aplica a cancelacións en ámbitos que non están ligados ao centro da AIB.
- A contribución para financiar o traballo de EKOenerxía (ver 7.3), coincide coa cantidade vendida de EKOenerxía.
- A contribución ao Fondo para o Medio Ambiente (ver 8.3.C) coincide coa cantidade de EKOenerxía hidroeléctrica vendida. O auditor tamén verifica demandas de pagos por riba do mínimo prescrito.
- A contribución para o Fondo do Clima (ver apartado 9) corresponde á cantidade de EKOenerxía eléctrica vendida. O auditor tamén verifica demandas de pagos por riba do mínimo prescrito. As vendas totais de EKOenerxía teñen que estar listadas por separado (apartado 9.2).

### **11.3. Seguimento**

A auditoría deberá presentarse polo provedor á Secretaría de EKOenerxía anualmente e ata o 30 de xuño (para as vendas do ano natural anterior).

A Secretaría de EKOenerxía pode organizar (baixo o custo de EKOenerxía) comprobacións e controis adicionais. As condicións e os procedementos serán especificados no contrato de licenza.

### **11.4. Auditorías anuais para dispositivos de produción utilizando bioenerxía**

O cumprimento dos criterios enumerados en 8.3.F comprobaranse polo menos unha vez ao ano por:

- As mesmas entidades que controlan as instalacións de biomasa en nome das autoridades no marco da garantía da lexislación orixe, lexislación do comercio emisor e/ou lexislación do réxime de apoio.
- Ou por calquera auditor externo cualificado acreditado por unha organización membro (plena) de Cooperación Europea para a Acreditación.

A verificación inclúe:

- A produción total de enerxía eléctrica.
- A produción total de calor.
- A entrada total de combustible, a súa composición e o valor calórico de cada un dos combustibles empregados.
- A eficiencia do proceso de coxeración.
- A cantidade e os tipos de entrada de biomasa elixibles para EKOenerxía.

A auditoría tense que mandar á Secretaría de EKOenerxía.

A Secretaría de EKOenerxía pode organizar (baixo o seu propio custo) comprobacións e controis adicionais.

Nótese que esta non é unha auditoría de EKOenerxía e que isto non dá un estatuto de EKOenerxía ao dispositivo de produción. É só un dos requisitos que teñen que ser cubertos para poder vender a electricidade procedente de dispositivos de produción como EKOenerxía. Ver apartado 8.3.F

## **12. COMO VENDER EKOENERXÍA?**

Os provedores dispostos a vender EKOenerxía deben entregar o formulario de provedores de electricidade que se pode descargar de [www.ekoenergy.org](http://www.ekoenergy.org). Estes provedores poden comezar a vender EKOenerxía en canto asinen o “contrato de EKOenerxía para provedores de electricidade” e segundo as condicións do contrato.

Os provedores de garantías de orixe dispostos a axudar aos seus clientes a satisfacer as demandas de EKOenerxía deben devolver o formulario de vendas por separado, descargable dende [www.ekoenergy.org](http://www.ekoenergy.org), asinar o “contrato de EKOenerxía para vendas por separado” e actuar segundo as condicións do contrato.

A Secretaría de EKOenerxía asegurará o cumprimento dos termos do contrato e os seus anexos.

## **13. CONTRIBUCIÓN**

Este apartado presenta unha visión xeral das contribucións anteriormente mencionadas.



Para cada megawatt-hora vendido como EKOenerxía, o proveedor paga mínimo 0,08 euros (oito céntimos) para a organización de EKOenerxía, para financiar as actividades da rede e apoiar as súas accións aumentando así a demanda de enerxía renovable.

Se se venden máis de 250 GWh de EKOenerxía para o mesmo consumidor final, esa contribución non se terá que pagar por riba de 250 GWh. (Ver tamén apartado 6).

Por cada megawatt-hora vendido como EKOenerxía, unha contribución mínima de 0,10 euros (10 céntimos) ten que se facer ao Fondo do Clima de EKOenerxía. (Ver tamén apartado 9).

Por cada megawatt-hora vendido como EKOenerxía hídrica, unha contribución mínima de 0,10 euros (ou sexa 10 céntimos) pagarase ao Fondo para o Medio Ambiente de EKOenerxía. (Ver tamén apartado 8.4.D).

## 14. NOME E LOGOTIPO

EKOenerxía emprega o seguinte logotipo:

Ver tamén [www.ekoenergy.org/about-us/logo](http://www.ekoenergy.org/about-us/logo)



O nome principal de comunicación é EKOenergy. Dependendo da lingua da rexión, poden empregarse diferentes variantes. Por exemplo:

EKOenergi: danés, noruegués, sueco

EKOenergia: éuscaro, catalán, estoniano, finlandés, italiano, húngaro, polaco, portugués, eslovaco

EKOenergía: español

EKOenergie: checo, holandés, alemán, luxemburgués, romanés

EKOénergie: francés

EKOenerji: azerí, turco

EKOenergija: bosníaco, croata, lituano, esloveno

EKOenergija: letón

EKOenergija: albanés

EKOorka: islandés

ЕКОЭнергіЯ: bielorruso, casaco, ruso, ucraíno

ЕКОеНерИЯ: búlgaro

ЕКОеНерЈа: macedonio, serbio

ΕΚΟενέργεια: grego

Calquera outro nome de comunicación e/ou logotipo pode ser aceptado pola secretaría para unha determinada rexión, así como para un determinado produto dunha determinada empresa.

## 15. REVISIÓN DOS CRITERIOS

EKOenerxía é un estándar de vida. Así coma o coñecemento e a experiencia se desenvolven, tamén o fará EKOenerxía. Calquera parte interesada pode mandar un comentario sobre os requisitos de EKOenerxía ou suxerir un cambio nos criterios en calquera momento contactando coa Xunta de EKOenerxía.

Tódalas revisións se farán de acordo coas normas establecidas polo Código de boas prácticas ISEAL para o establecemento de normas sociais e ambientais.

Dentro de tres anos do seu lanzamento, EKOenerxía vai avaliar en particular

- A súa política relativa ás áreas protexidas e considerará se é necesario incluír áreas adicionais na lista, coma as designadas en aplicación do Acordo sobre a Conservación das poboacións de Morcegos Europeos, EUROBATS, 1991 e o Acordo de Ramsar
- As regras para a electricidade de instalacións alimentadas con bioenerxía
- As regras para enerxía hidroeléctrica.

